Nota de Prensa

NOVIDADE EDITORIAL

EDITORA alvarellos

«Retorno sen volta» de Xosé Lastra, Premio de Poesía do Concello de Vilalba



O paso fuxidío do tempo e o imposible retorno son algúns dos temas sobre os que reflexiona o autor na súa obra, un poemario que recibiu en 2021 o Premio do Certame Literario do Concello de Vilalba.

FICHA TÉCNICA: 70 pp . 14 x 21 cms.
ISBN: 978-84-18567-19-3 PVP: 13,00 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, ABRIL 2022.- *Retorno sen volta* é o primeiro libro de poemas dun autor e docente que posúe unha longa traxectoria na defensa da lingua: Xosé Lastra Muruais (A Pontenova, 1952). O escritor logrou con esta obra, en 2021, o Premio de Poesía do Certame Literario de Vilalba, na súa edición número 47.

Trinta e tres poemas onde o autor reflexiona sobre o paso fuxidío do tempo e o desexo dun retorno imposible. Sobre a soidade, a dor da perda, mais tamén sobre a paixón amorosa e o desacougo. A poeta Rosalía Fernández Rial afirma no limiar: «Ao anainar este libro entre as mans, lectora, lector, completarás con catarse os ocos do teu baleiro, porque só se pode seguir camiño combatendo a dor con cantos. Sexamos, pois, cómplices dos pequenos himnos cotiáns, tribo verbal, rebeldía fronte á devastación». O libro está ilustrado por **Leandro Lamas** (Narón, 1973).

Xosé Lastra Muruais (A Pontenova, 1952) exerceu como mestre de Educación Primaria en colexios de Ferrol, A Coruña e Terrassa. Foi director dos colexios de Punta Arnela, A Laxe-Valón e Manuel Masdías. Membro fundador do grupo Avantar e de Nova Escola Galega (NEG), da que actualmente é presidente. Coautor e/ou coordinador dos dous modelos de normalización lingüística para o ensino publicados por NEG e membro da Coordinadora e da Mesa estatal de Movementos de Renovación Pedagóxica. Coordinador e/ou coautor de diferentes materiais relacionados coa lingua galega, ciencias sociais e naturais ou coa súa didáctica no ensino. Foi coordinador editorial do *Dicionario Xerais da Lingua*. É así mesmo coautor xunto con Xiana Lastra d'*O meu primeiro Celso Emilio* e d'*A miña primeira Rosalía*; con Manuel Veiga, de *Manuel María. Vida, versos e rebeldía*. *Retorno sen volta* é o seu primeiro libro de poesía.

Para contactar co autor: xose@lastra.gal